

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A MELLORA E PERFECCIONAMENTO DE DEPORTISTAS QUE DESTAQUEN NAS SÚAS PARTICIPACIÓNS EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE CARÁCTER INDIVIDUAL NAS DISTINTAS MODALIDADES DEPORTIVAS RECOÑECIDAS. REACTIVA PEREIRO 2023

ANTECEDENTES

Para impulsar a práctica deportiva, este Concello do Pereiro de Aguiar convoca axudas para a promoción e difusión do deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas deste Concello que teñen na súa formación integral. Nesa perspectiva é na que se insire o presente programa de axudas a deportistas individuais, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 1.- Obxecto e importes

1. É obxecto das presente resolución establecer as bases reguladoras que rexerán a convocatoria de axudas para a mellora e perfeccionamento de deportistas que destaquen, na súa participación en competicións oficiais de carácter individual nas distintas modalidades deportivas recoñecidas, durante o período fixado na convocatoria, e cumpran os requirimentos e obrigas impostos nas presentes bases. Esta liña de axudas consta no programa Reactiva Pereiro 2023 en vigor.

Non se considerarán participacións individuais: relevos, participación por equipos/seleccións, nin probas coordinadas ou sincronizadas nas que actúen simultaneamente máis dun integrante do mesmo equipo.

Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores, así como a realización de calquera tipo de proba co obxecto de superar os distintos niveis dentro da disciplina deportiva.

2. As axudas poderán ser destinadas a deportistas menores de 18 anos e a deportistas maiores de 18 anos (inclusive).

Estas bases reguladoras publicaranse íntegramente no BOP de Ourense.

Artigo 2.- Financiamento, dotación orzamentaria e contía das axudas

O importe máximo das axudas, as que se refiren estas Bases reguladoras, será como máximo de 200 euros por deportista individual con cargo á aplicación orzamentaria 34147900 consignada no Orzamento Municipal vixente do exercicio do 2023.

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento do programa.

Artigo 3.- Convocatoria anual

A convocatoria anual establecerá:

- O importe para cada exercicio. Importe que poderá ser ampliado no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.
- O período no que os resultados deportivos serán obxecto de axuda, ben por tempada ou anualidade 2022-2023.

A convocatoria anual poderá tramitarse mediante expediente anticipado de gasto con base na normativa orzamentaria.

No suposto anterior a concesión das axudas quedará sometida, en todo caso, á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento Municipal do exercicio do 2023 no momento de acordar as respectivas resolucións de concesión.

Un extracto da convocatoria será publicado no BOP de Ourense a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4.- Beneficiarios e requisitos para a obtención de axudas

Poderán beneficiarse das axudas previstas nestas bases reguladoras os deportistas que reúnan os seguintes requisitos na data de publicación do extracto de convocatoria no BOP:

1. Estar inscrito no padrón municipal de habitantes do Concello do Pereiro de Aguiar cun mínimo dun ano de antigüidade ininterrompida á data de presentación da solicitude.
2. Dispoñer de licenza en vigor pola Federación Deportiva Galega da modalidade deportiva na que se solicita a axuda. No caso de modalidades deportivas non integradas en federacións deportivas galegas, será considerada a licenza estatal.
3. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
4. Non estar incurso en causa de exclusión ou prohibición das contempladas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Certificado do mellor resultado obtido emitido pola secretaría xeral da Federación en cuestión, xunto coa Acta da competición, referido ao período subvencionable, sempre que acredite a consecución polo menos e como mínimo dun (1) dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva durante a anualidade 2022/2023.

- Podio (1º, 2º ou 3º) no campionato individual provincial (da provincia de Ourense)
- Lograr do 1º ao 10º posto individual no campionato galego (ambos os dous incluídos)
- Lograr do 1º ao 15º posto individual no campionato de España
- Campión/a universitario individual galego.
- Lograr do 1º ao 3º posto individual no campionato universitario estatal

Artigo 5.- Procedemento de concesión, órgano de instrución, e resolución

1. O procedemento para a concesión desta axuda será o abreviado segundo o artigo 22 de Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. O Alcalde acordará tódalas actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución.
3. Todas as comunicacións derivadas das actuacións de instrución realizaranse a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar – <https://concellopereiro.sedelectronica.gal> – e da páxina web do Concello do Pereiro de Aguiar – www.concellopereiro.gal-.
4. Mediante resolución da Alcaldía do Concello do Pereiro de Aguiar farase pública a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello – <https://concellopereiro.sedelectronica.gal> – e da páxina web–www.concellopereiro.gal- a relación das solicitudes presentadas, admitidas e excluídas, con expresión da causa de exclusión e necesidade de emenda no prazo de dez días desde o seguinte á publicación, de selo caso ou resolución da Alcaldía coas axudas concedidas e denegadas, con expresión do motivo da mesma.

En caso de non emendar a causa de exclusión terase por desistida a solicitude.

5. Transcorrido o prazo de emenda farase pública polos mesmos medios a resolución da Alcaldía comprensiva dos seguintes extremos:

- Relación de solicitantes aos que se lle concede a axuda.
- Contía concedida.
- Mención expresa de que as restantes solicitudes entenderanse desestimadas.
- Recursos que poderanse interpoñer contra a mesma e prazo de presentación destes.
- Calquera outras condicións particulares que deba cumprir o beneficiario.
- A publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar– <https://concellopereiro.gal> – e da páxina web– www.concellopereiro.gal - substituirá a notificación persoal e surtirá os mesmos efectos segundo o disposto no artigo 14 da Lei 39/2015. Non obstante, con carácter informativo remitiráselle a cada beneficiario da axuda unha comunicación da concesión mediante correo electrónico ó enderezo que se sinala na solicitude.

Artigo 6.- Solicitudes e documentación

1. As solicitudes presentaranse, no prazo de 1 mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no Rexistro xeral do Concello do Pereiro de Aguiar, en impreso normalizado que se poderá facilitar nas

dependencias administrativas. Tamén se poderá presentar de forma telemática a través da sede electrónica do Concello (www.concellopereiro.gal) .

2. Así mesmo, o impreso normalizado de solicitude, atoparase a disposición dos interesados na web do Concello do Pereiro de Aguiar.

3. Os interesados deberán xuntar coa solicitude a seguinte documentación:

- Copia do documento nacional de identidade ou do pasaporte, en caso de cidadáns de países da Unión Europea, ou da tarxeta de residente en vigor, en caso de outras nacionalidades.
- Copia da licenza deportiva en vigor.
- No caso dos menores de idade, ademais da fotocopia do seu D.N.I, xuntarase o do pai, o da nai ou do titor, así como fotocopia do libro de familia.
- Certificado da Federación no que acredite que o solicitante non está cumprido sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- Certificado do mellor resultado obtido emitido pola secretaría xeral da Federación en cuestión, xunto coa Acta da competición, referido ao período subvencionable, acreditando a consecución polo menos e como mínimo dun (1) dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva durante a anualidade 2022/2023.
 - a) Podio (1º, 2º ou 3º) no campionato individual provincial (da provincia de Ourense)
 - b) Lograr do 1º ao 10º posto individual no campionato galego (ambos os dous incluídos)
 - c) Lograr do 1º ao 15º posto individual no campionato de España
 - d) Campión/a universitario individual galego.
 - e) Lograr do 1º ao 3º posto individual no campionato universitario estatal
- Declaración responsable do solicitante ou do seu representante legal de non estar incurso en algunha das causas de exclusión ou prohibición das contempladas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (segundo o modelo recollido como anexo II das bases)
- Declaración responsable do solicitante ou do seu representante legal sobre a obtención de outras subvencións ou axudas.

A presentación da solicitude conleva autorización implícita ao Concello do Pereiro de Aguiar para tratar a información persoal e deportiva nas diferentes fases de tramitación.

Artigo 7.- Prazo de resolución

O prazo máximo para a resolución das convocatorias será de tres meses a contar desde o día seguinte ao remate do trámite de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen que sexa publicada a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Contra a resolución que pon fin ó procedemento administrativo, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto,

no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

Artigo 8.- Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios destas axudas estarán obrigados a:

- Manterse de alta na federación correspondente durante o ano natural a que se refira a convocatoria pola que se lle concedeu a axuda.
- Comunicar ao Concello do Pereiro de Aguiar a obtención de calquera axuda ou subvención de calquera administracións ou entidades públicas, con indicación expresa da súa contía.
- Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto da axuda, conforme aos artigos 1.1) e 18.4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Someterse ás correspondentes actuacións de comprobación por parte do Concello do Pereiro de Aguiar, que poderá realizar o seguimento e o control da súa actividade deportiva e a aplicación e destino dos fondos, en todo caso, ao control da actividade económica financeira que corresponde.
- Colaborar co Concello do Pereiro de Aguiar na promoción de actos e eventos deportivos organizados pola administración municipal.

Para a realización de ditas actuacións deberá facilitar tanta información lle sexa requirida polo organismo anteriormente citado.

A percepción destas axudas atopase suxeita á Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, sen que se atope en suposto de exención.

Artigo 9.- Modificación ou revogación das axudas

1. Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións e axudas concedidas por calquera entidade pública, nacional ou internacional, poderá dar lugar a modificación da axuda outorgada, por iso, calquera alteración dos datos ou condicións facilitados polos interesados para a tramitación das axudas, deberá ser comunicada ao Concello do Pereiro de Aguiar por se puidese dar lugar á modificación da axuda concedida. A efectos de estimar a gradación dos incumprimentos utilizaranse as desviacións detectadas nos parámetros de valoración.

2. Serán causa de revogación da axuda concedida, procedéndose ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora:

- Os supostos contemplados no artigo 37 da lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- A emisión de certificación desfavorable por parte da Federación a que pertence o beneficiario, en relación coas circunstancias contempladas no art. 9 destas Bases.
- A obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas.
- Incumprimento da finalidade para a que a axuda foi concedida.
- Incumprimento das obrigas e condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda.
- A negativa ou obstrución ao control que se establece nas presentes Bases reguladoras.

Artigo 10.- Xustificación e pagamento

O pagamento da axuda concedida tramitarase previa presentación, no prazo máximo de 1 mes a contar desde a publicación da resolución de concesión, dun certificado da Federación correspondente, individualizado para cada beneficiario adscrito a mesma, no que conste que desde a concesión da axuda, déronse as seguintes condicións:

- Que o beneficiario mantívose en alta na Federación (Licenza federativa).

Artigo 11.- Compatibilidade con outras axudas e subvencións

As axudas reguladas nas presentes bases son compatibles con calquera outra que poda recibir o beneficiario de calquera entidade pública, por calquera concepto.

Artigo 12.- Infraccións

Considéranse infraccións administrativas as que sexan de aplicación dos títulos IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposicións finais

Primeira.- Habilitación

Facultase ao Alcalde do Concello do Pereiro de Aguiar para ditar as resolucións que sexan necesarias para a execución do disposto no presente Acordo.

Segunda.- Supletoriedade

En todo o non previsto nestas bases aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en todo aquilo que constituía lexislación básica conforme a súa disposición final primeira, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.- Entrada en vigor

Estas Bases reguladoras entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixentes ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO I (DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D./Dña..... (nome e apelidos) con
DNI e nado oe na súa representación legal de ser o
caso, PAI/NAI/TITOR:..... con
DNI:.....Enderezo electrónico a efectos de
comunicacións:.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, para os efectos de acreditar ante o
Concello do Pereiro de Aguiar:

(Axudas a deportistas individuais.)

- 1) Que non estou incurso/a en ningunha das causas de exclusión ou prohibición das contempladas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2) Que adquiero o compromiso de declarar a obtención doutras subvencións ou axudas e a procedencia institucional das mesmas.
- 3) Que reúno todos os requisitos para ser beneficiario/a da axuda solicitada recollidos no artigo 4 das bases reguladoras da convocatoria.

O Pereiro de Aguiar, de de

SOLICITANTE/REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.:

DNI:

NÚMERO DE CONTA A EFECTOS DE ABOAMENTO:

IBAN					
------	--	--	--	--	--

Información sobre protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello do Pereiro de Aguiar, con dirección en Praza do Concello, 1, 32710 O Pereiro de Aguiar (Ourense), concello.pereirodeaguiar@eidolocal.es.

1.- Dpo: O delegado de Protección de datos do Concello do Pereiro de Aguiar é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L., co que poderá contactar en concello.pereirodeaguiar@eidolocal.es.

2.- Finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

3.- Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

4.- Destinatarios de cesións: O Concello do Pereiro de Aguiar non cederá os seus datos de carácter persoal.

5.- Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello do Pereiro de Aguiar dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios nas nosas instalacións ou por correo electrónico en concello.pereirodeaguiar@eidolocal.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

A presente comunicación correctamente formalizada producirá efectos desde a data da súa presentación no Rexistro ou calquera medio válido, segundo o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

No Pereiro de Aguiar, a ____ de _____ de 20____.

Sinatura do/a solicitante